



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Cultura

Bases reguladoras específicas e convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades ou eventos de festas patronais de barrios e parroquias no exercicio 2026 no Concello de Ferrol

Introdución

Desde o Concello de Ferrol preténdese apoiar e incentivar a realización de actividades culturais mediante o outorgamento de subvencións para a promoción e organización de actividades culturais e artísticas vinculadas á cultura popular e tradicional e, en especial, ás festas, tradicións, costumes, música, bailes e danzas, representacións e folclore, considerando que isto se concreta de forma máis evidente nas denominadas festas patronais.

1. O obxectivo estratéxico destas subvencións é promover a iniciativa social sen ánimo de lucro e potenciar a participación e as actuacións do terceiro sector na realización de programas de actividades festivas patronais para conseguir unha maior eficacia e eficiencia das mesmas.

Os obxectivos específicos que se pretenden conseguir coa aplicación deste réxime de subvencións son:

- Promover actividades de esparexemento e/ou de ocio alternativo.
- Incentivar e apoiar as actividades de carácter festivo realizadas por entidades alleas ao Concello nos barrios rurais e urbanos, que teñen carácter e ámbito diferenciado das organizadas polo Concello de Ferrol.
- Ofrecer un amplo abano de actos e actividades festivas (musicais, infantís, para a terceira idade, etc) dirixidas, tanto á poboación dos barrios destinatarios da subvención como ao resto dos habitantes da cidade de Ferrol.
- Desenvolver actividades que melloren a calidade de vida da cidadanía.
- Promover o Concello a través do apoio á realización de acontecementos festivos.

Atendendo á natureza e finalidade destas axudas, dirixidas ao apoio das festas patronais promovidas polas entidades veciñais e festivas do municipio, considérase que todas as actividades subvencionables responden a unha finalidade homoxénea de interese público e participación cidadá, non resultando necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas, polo que o procedemento se tramitará en réxime de concorrencia non competitiva, ao abeiro do artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ferrol está constituído polas leis e disposicións que de seguido se relacionan e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas legais ou regulamentarias conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, xunto co Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei 19/2016, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

- Bases de execución do orzamento en vigor do Concello de Ferrol.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP núm. 200 de 21/10/2019).
- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026.
- Instrución 2/2024 para a tramitación de bases específicas reguladoras de subvencións no Concello de Ferrol.

3. O órgano competente para proceder ao outorgamento das subvencións será o concelleiro delegado especial de Xuventude, Festas, Novas Tecnoloxías e Marca Ferrol.

Base Primeira.- Obxecto da subvención

1. O obxecto destas bases e da súa convocatoria é a regulación do procedemento para a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrência non competitiva e con carácter anual (exercicio 2026), ás asociacións veciñais, asociacións de festexos e entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas, para o desenvolvemento de **festas patronais en barrios urbanos e parroquias**, cuxo ámbito de actuación sexa o Concello de Ferrol, mediante a contratación de actuacións de música en directo.

Por tal motivo e no marco das súas competencias, o Concello de Ferrol destina recursos económicos dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro para a promoción e fomento da Cultura, para cumprir cos obxectivos previstos no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026:

Liña 3.2	Subvencións dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ferrol para a promoción e fomento da Cultura, libre concorrência
----------	---

2. Autorízase a subcontratación total ou parcial da actividade subvencionada, nos termos e límites establecidos no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 68 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Base segunda.- Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria todas **as asociacións veciñais, asociacións de festexos e outras entidades sen ánimo de lucro que contraten actuacións de música en directo** para festas patronais en barrios e parroquias con ámbito de actuación no Concello de Ferrol, que cumpran os requisitos destas bases e da súa convocatoria e que estean legalmente constituídas.

Base terceira.- Requisitos

As entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os seguinte requisitos e obrigas:

- Ter **sede social** no termo municipal de **Ferrol**.
- **Non estar incursas** as persoas xurídicas e/ou as entidades, ou as persoas que ostentan a súa representación legal, nalgún dos supostos de **prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións** establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- **Cumprir as obrigas** establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as demais obrigas previstas nestas bases e na normativa aplicable.
- **Estar ao corrente das súas obrigas tributarias** (de carácter estatal, autonómico e local) e **coa Seguridade Social**, para o que deberán presentar unha declaración responsable.
- **Cumprir os requisitos da convocatoria** de concesión de subvencións.
- **Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Ferrol**, excepto que aínda non transcorrese o prazo de xustificación correspondente.
- **Non ter sido sancionado mediante resolución firme** coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei Xeral de Subvencións ou a Lei Xeral Tributaria.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o **contacto habitual con menores**, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo cumpre os requisitos legalmente establecidos para o desenvolvemento de actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- **Non modificar a programación de actividades sen coñecemento e autorización expresa do Concello**.
- **Empregar o idioma galego tanto na publicidade como nos programas e actividades**.
- **Utilizar**, con carácter xeral, **unha linguaxe non sexista e inclusiva**, elaborar materiais que fomenten a igualdade e tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

Base cuarta.- Solicitudes: lugar, prazo e documentación

1. As solicitudes (ANEXO I.1) irán dirixidas ao órgano competente para a concesión da subvención e **presentaranse en formato electrónico a través do Rexistro electrónico da sede electrónica do Concello**, no modelo que figura como anexo a estas bases, dentro do prazo de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Será causa de exclusión a presentación da solicitude fóra do prazo establecido.

2. Á solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- **CIF da entidade** solicitante e documentos que acrediten a identidade da persoa solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude (DNI/CIF e documentación acreditativa da representación).
- Certificados oficiais de **non ter obrigas tributarias pendentes coa Facenda estatal, autonómica e local e coa Tesorería da Seguridade Social**. No suposto de solicitude de **subvención inferior a 3.000 euros**, a entidade beneficiaria afectada poderá substituír os ditos certificados por **declaración responsable** ao efecto (ANEXO I.2).
- Declaración responsable de que a entidade solicitante **non concorre en ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiaria de subvencións públicas**, establecidas no **artigo 13** da Lei Xeral de subvencións e de cumprimento das obrigas do **artigo 14** da Lei 38/2003, relativo ás obrigas da entidade beneficiaria (ANEXO I.2).
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, **declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos legalmente establecidos respecto do persoal que presta servizos** no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención (ANEXO I.3).
- **Programa detallado das actividades que se prevén realizar**, con indicación do día, hora e lugar de celebración e da festa patronal na que se desenvolverán (ANEXO I.4).
- **Estado de gastos e ingresos** imputados á actividade subvencionada (ANEXO I.5).
- **Datos bancarios da conta** á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria (ANEXO I.6).

3. En caso de que a solicitude non reúna os requisitos establecidos na convocatoria, a Concellería de Festas requirirá á entidade interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles, coa indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Base quinta.- Procedemento de concesión da subvención

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de **concorrenncia non competitiva**, de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ao non resultar necesaria a comparación e prelación das solicitudes presentadas, dada a finalidade homoxénea das actividades subvencionables.

2. A competencia para a ordenación e instrución dos expedientes corresponderá á Concellería de Festas e ao persoal dependente e/ou adscrito a dita concellería, quen procederá á revisión dos expedientes de solicitude, verificando que conteñen a documentación esixida. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na normativa da convocatoria, requirirase ao solicitante para que no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolles saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, consonte o previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei. O dito requirimento publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ferrol <https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnuncios>. Así mesmo, poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos que figuran nas solicitudes presentadas.

3. Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases e na convocatoria, o órgano instrutor formulará proposta de resolución das solicitudes admitidas.

4. Co obxecto de facilitar a adecuada avaliación e comprobación das solicitudes, o órgano instrutor poderá requirir ás entidades solicitantes a ampliación da información contida nas solicitudes, así como solicitar os informes técnicos dos servizos municipais que considere necesarios.

5. O órgano instrutor, á vista do expediente, formulará a proposta de resolución provisional, que será publicada no Taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol, concedéndose ás entidades interesadas un prazo de dez días para a presentación de alegacións. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas.

Unha vez transcorrido o citado prazo, o órgano competente ditará resolución expresa, que conterá a relación de entidades beneficiarias e, no seu caso, das solicitudes desestimadas, desistidas ou renunciadas.

6. A concesión das subvencións será aprobada mediante resolución do concelleiro delegado competente en materia de festas.

7. O prazo máximo no que debe notificarse ás entidades interesadas a resolución expresa será de seis meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, a falta de resolución e notificación producirá efecto desestimatorio.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. En concordancia co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente.

Base sexta.- Criterios obxectivos de outorgamento da subvención

Serán beneficiarias das subvencións aquelas entidades que:

- presenten a solicitude dentro do prazo establecido,
- cumpran os requisitos previstos nas presentes bases,
- e desenvolvan actuacións subvencionables consonte o obxecto da convocatoria.

O outorgamento das subvencións realizarase sen comparación entre solicitudes, atendendo exclusivamente ao cumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases.

Base sétima.- Contía da subvención

1. O crédito total dispoñible para o financiamento destas axudas é de **24.000 euros**, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 05103-3381-48000 "Axudas festas patronais en barrios" dos orzamentos municipais do Concello de Ferrol para o ano 2026.

2. O importe total das axudas concedidas non poderá superar o crédito total dispoñible.

3. A contía individual da subvención establecerase en función do número de solicitudes admitidas e do crédito dispoñible na convocatoria, sen que en ningún caso poida superar os 5.000 euros por entidade.

A contía da subvención non poderá superar, en ningún caso, o custo da actividade subvencionada efectivamente realizada e xustificada.

4. Co obxecto de garantir un tratamento igualitario entre as entidades beneficiarias, o crédito dispoñible distribuirase a partes iguais entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases.

No caso de que o importe resultante supere o importe solicitado por algunha entidade, a subvención concedida a esta limitarase ao importe solicitado, redistribuíndose o crédito sobranse a partes iguais entre as restantes entidades beneficiarias, sen superar en ningún caso o límite máximo establecido por entidade.

O rateo realizarase de conformidade co previsto no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base oitava.- Forma e prazo para a publicación das subvencións

1. As presentes bases, así como a súa convocatoria e resolución, publicaranse na Base de Datos Nacional das Subvencións (BDNS), así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nos termos previstos na normativa aplicable.

2. As sucesivas publicacións que resulten necesarias no marco da presente convocatoria realizaranse no Taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol, tendo efectos desde a súa publicación neste medio, de conformidade co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Así mesmo, publicarase o requirimento de emenda de deficiencias apreciadas nas solicitudes.

Base novena.- Difusión polo beneficiarios

1. As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a información impresa, radiofónica, informática, audiovisual, páxinas web ou outros medios de difusión que se empreguen en relación coas actividades subvencionadas. En todo caso deberá figurar en lugar destacado a imaxe corporativa oficial do Concello de Ferrol.

2. Coa documentación xustificativa achegaranse os documentos ou evidencias que acrediten o cumprimento desta obriga.

3. No caso de que a entidade beneficiaria recibise financiamento doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade, a publicidade que se dea á colaboración do Concello de Ferrol deberá ser, polo menos, análoga á empregada respecto das demais entidades financiadoras.

Base décima.- Gastos subvencionables

Unicamente serán gastos subvencionables aqueles que de forma indubitada respondan á natureza e obxecto da actividade subvencionada, sendo esta o **abono de cachés de artistas ou grupos que actúen en festas patronais en barrios urbanos e parroquias**, e se realicen dentro do período de execución establecido na convocatoria.

Terán a consideración de gastos subvencionables os directamente vinculados á contratación e desenvolvemento das actuacións musicais en directo obxecto da subvención, incluíndo os cachés artísticos e, de ser o caso, os servizos técnicos de son e iluminación e infraestrutura escénica, directamente vinculados á realización das actuacións subvencionadas.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada (artigo 29.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións).

Non se admitirá en ningún caso a subcontratación nos supostos previstos no artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións.

Base undécima.- Forma e requisitos esixidos para o pagamento

1. Os gastos a que se destinen as subvencións deberán responder ao cumprimento dos fins da convocatoria.
2. O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria a favor das asociacións e entidades beneficiarias.

Base duodécima.- Prazo de execución e prazo de xustificación

1. Os gastos obxecto de subvención deberán realizarse no período comprendido entre o 01/01/2026 e o 31/12/2026.
2. A xustificación da subvención concedida presentarse na sede electrónica do Concello de Ferrol conforme ao modelo establecido no ANEXO II.1, ao que haberá que anexar a seguinte documentación:

- **Declaración responsable** de que os gastos incluídos na relación achegada afectaron exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención e do proxecto executado, así como **detalle de outros ingresos ou subvencións** que financiasen a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia (ANEXO II.2).
- Declaración responsable de que a entidade solicitante **non concorre en ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiaria de subvencións públicas**, establecidas no **artigo 13** da Lei Xeral de subvencións e **cumprimento das obrigas recollidas no artigo 14** da Lei 38/2003, relativo ás obrigas da entidade beneficiaria (ANEXO II.3).
- **Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Facenda estatal, autonómica e coa Tesourería da Seguridade Social**. Aquelas subvencións que a contía a outorgar a cada beneficiario sexa inferior a 3.000 €, a presentación da declaración responsable poderá substituír a estas certificacións (ANEXO II.3).
- **Memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, con expresión do calendario e lugar de execución, resultados obtidos e número de persoas destinatarias (ANEXO II.4).
- **Relación clasificada dos gastos xustificativos** da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago (ANEXO II.5).
- **Relación clasificada de ingresos** que financiaron a actividade (ANEXO II.6).

3. O prazo para a xustificación das subvencións, con carácter xeral, será de 3 meses e comezará unha vez que finalice o prazo de execución das actividades subvencionadas, ou ben dende a adxudicación da subvención, se esta é posterior á finalización de ditas actividades. Establécese como prazo máximo de xustificación, para o cadro de actividades realizadas no mes de decembro, o 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

4. No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou de presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á entidade beneficiaria para que as deficiencias no prazo de dez días hábiles.

Poderanse, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido para a emenda, sen que isto supoña a posibilidade de realizar ou presentar documentos de gasto e/ou pagamento con data posterior á data máxima de xustificación establecida nas bases.

Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedido ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

5. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que esta fose presentada, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán corresponder ao período establecido nas bases.

A falta de presentación da xustificación neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da xustificación fóra do prazo inicialmente establecido poderá dar lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador, de conformidade coa normativa aplicable en materia de subvencións, segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención adxudicada co límite de 450€. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación
- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención adxudicada co límite de 800€. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención adxudicada co límite de 900€. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

6. A presentación da xustificación fóra do prazo inicialmente establecido poderá dar lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador, de conformidade coa normativa aplicable en materia de subvencións.

A tramitación do expediente de pagamento poderá suspenderse durante a tramitación do correspondente procedemento sancionador, nos supostos e termos previstos na normativa aplicable.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

Base décimo terceira.- Modificación da resolución de concesión

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, as entidades beneficiarias poderán solicitar a súa modificación antes de que remate o prazo para a realización da actividade e sempre antes da finalización do prazo de xustificación.

2. A modificación poderá autorizarse sempre que non dane dereitos de terceiros. En todo caso, a modificación da resolución da concesión deberá respectar o obxecto da subvención e as actuacións subvencionables, e non poderá dar lugar a actuacións deficientes e incompletas.

3. Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento no que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade á mesma.

4. Xunto coa solicitude, a entidade deberá presentar: memoria xustificativa da modificación solicitada, orzamento ou proxecto modificado e relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

5. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Concellería de Festas, previa instrución do correspondente expediente e audiencia á entidade interesada cando proceda.

6. Cando a entidade beneficiaria da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puideran dar lugar á modificación da resolución conforme ao establecido no artigo 14.1.m) da Lei de subvencións de Galicia, omitíndose o trámite de autorización administrativa previa, o órgano concedente poderá aceptar a xustificación presentada sempre que tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

Esta aceptación non eximirá á entidade beneficiaria das responsabilidades ou sancións que, no seu caso, procedan conforme á normativa aplicable.

Base décimo cuarta.- Incompatibilidade con outras subvencións

Non poderán acollerse a estas subvencións aquelas asociacións ou entidades que reciban subvencións do Concello de Ferrol a través dun convenio ou subvención nominativa prevista no orzamento municipal que comporte a achega de fondos municipais para o financiamento dos mesmos gastos realizados no desenvolvemento da festa patronal.

Base décimo quinta.- Criterios gradación incumprimentos reintegro

1. O Concello de Ferrol procederá, cando corresponda, á revogación da subvención e obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, así como á esixencia do interese de demora aplicable, nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando aquelas que o impedisén.

- b) Incumprimento da obriga da xustificación no prazo establecido ou xustificación insuficiente.
- c) Incumprimento parcial ou total da finalidade para a que se concedeu ou das condicións impostas con motivo da súa concesión.
- d) Incumprimento da obriga de facer constar na información ou publicidade das actividades ou proxectos subvencionados o financiamento ou colaboración do Concello de Ferrol.

2. Cando a subvención se abone de forma fraccionada e se revogue parcialmente a mesma, os intereses de demora serán calculados baixo o criterio de aplicar o reintegro aos últimos prazos abonados.

En todo caso, cando o cumprimento da entidade beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar determinarase de acordo cos principios de proporcionalidade, equidade e boa fe.

Base décimo sexta.- Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria

As **comunicacións** co Concello de Ferrol, así como as **difusións** relativas ao obxecto destas subvencións, **deberán realizarse en galego** en cumprimento da Ordenanza municipal de Normalización Lingüística.

Igualmente **empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínse do xénero feminino**.

Base décimo sétima.- Recursos e impugnacións

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polas persoas interesados nos termos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento común das Administracións Públicas.

Disposición final

En todo o non previsto nestas bases será de aplicación a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

Ferrol, 13 de agosto de 2026,

O concelleiro delegado especial de Xuventude, Festas, Novas Tecnoloxías e Marca Ferrol,

Arán López Martínez

ANEXOS

 Concellería de Festas	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026			ANEXO I.1
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE				
NIF		Denominación		
Enderezo completo (incluír o código postal)				
Teléfono / Móbil		Correo electrónico para os efectos de notificación electrónica		
DATOS DO/DA REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE				
DNI	Nome		Primeiro apelido	Segundo apelido
Teléfono / Móbil		Correo electrónico para os efectos de notificación electrónica		
SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA			Importe TOTAL presuposto	
Desenvolvemento de festas patronais en barrios urbanos e parroquias			€	
DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA COA SOLICITUDE				
A que se especifica nas bases reguladoras e na convocatoria				

Coa presente solicitude declaro que coñezo e acepto as bases reguladoras específicas da presente convocatoria de subvencións con todas as súas obrigas que da mesma se deriven e, ademais, declaro baixo a miña responsabilidade que todos os datos consignados son certos.

O/a representante,
Asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe
Sinatura:

FERROL Concellería de Festas	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026	ANEXO I.2
---	---	-----------

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Formulada nos termos e cos requisitos previstos no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

Don/Dona			
con DNI nº		como presidente/a da entidade	
con NIF nº			
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:			
1º.-	Que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Ferrol, así como das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, que dispoño da documentación que así o acredita, que poñerei a dispor do Concello cando me sexa requirida e comprométome a manter este requisito durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza da subvención quedando obrigado a comunicar ao Concello calquera variación desta situación.		
2º.-	Que a entidade que represento non está incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiaria ou percibir subvencións das Administracións públicas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e comprométome a manter este requisito durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza da subvención, quedando obrigado a comunicar ao concello calquera variación desta situación.		
3º.-	Que a entidade que represento cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, relativo ás obrigas da entidade beneficiaria.		
4º.-	Que en relación con outras axudas procedentes de Administracións Públicas ou de entidades privadas ou de particulares, a entidade que represento:		
	☐ NON solicitou axudas para esta mesma finalidade		
	☐ SI solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade:		
	Indicar a procedencia da axuda:	Solicitado	Concedido
		€	€
5º.-	Que os importes non subvencionables se financian con:		
	☐ Fondos propios		
	☐ Outros:		
O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe			
Sinatura:			

 Concellería de Festas	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026	ANEXO I.3
--	---	-----------

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O CUMPRIMENTO
DA NORMATIVA NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES
QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES**

(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

Don/Dona		
con DNI nº		como presidente/a da entidade
con NIF nº		
DECLARO (marcar cunha X o que proceda segundo o caso):		
	☐ Que ningunha das actividades obxecto de subvención implica o contacto habitual con menores.	
	☐ Que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto de subvención que implican contacto con menores cumpre os requisitos previstos no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. (1)	
O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe		
Sinatura:		

(1) Artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia: “Será requisito para o acceso e exercicio de calquera profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade, o non haber sido condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no título VIII da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código Penal. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.” (Lei Orgánica 10/1995 modificada pola Lei Orgánica 4/2023, de 27 de abril, nos delitos contra a liberdade sexual).

		SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026				ANEXO I.4			
ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE INTERESE XERAL									
MEMORIA									
ENTIDADE SOLICITANTE						NIF			
Denominación do programa ou actividade									
Breve descrición do programa ou actividade									
Breve descrición dos obxectivos que se pretenden obter co seu desenvolvemento									
Lugar de desenvolvemento									
Datas ou períodos de realización									
Horarios de realización									
N.º de prazas ofertadas ou n.º estimado de persoas beneficiarias									
Colectivos ós que se dirixe:									
	Xeral		Muller		Maiores		Infancia		Xuventude
	Outros:								

O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe
 Sinatura:

FERROL Concellería de Festas	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026		ANEXO I.5
RELACIÓN DE GASTOS PROPIOS			
ENTIDADE SOLICITANTE			NIF
Denominación do programa ou actividade			
Gastos previstos		Financiamento previsto	
	€	Subvención do Concello de Ferrol	€
	€		
	€	Achega da entidade	€
	€	Outras axudas ou subvencións:	
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
TOTAL:	€	TOTAL:	€
Asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe			
O/a secretario/a		O/a tesoureiro/a	
Sinatura:		Sinatura:	

 FERROL Concellería de Festas	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026	ANEXO I.6
--	---	-------------------------

CONTA BANCARIA PARA O PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

DATOS DA ENTIDADE TITULAR DA CONTA BANCARIA																												
Entidade															NIF													
Representante															DNI													
Enderezo																												
Localidade										Código postal					Teléfono/os													
Correo electrónico																												
DATOS DA CONTA BANCARIA																												
IBAN					Código entidade					Código sucursal					Díxito control		Número de conta											
Asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe																												
O/a secretario/a															O/a tesoureiro/a													
Sinatura:															Sinatura:													

No suposto de que a conta bancaria non figure de alta na base de datos do Concello de Ferrol deberán solicitar a súa alta empregando o modelo “Designación de conta bancaria e comunicación de baixa de datos bancarios”, trámite correspondente ó Negociado de Tesourería, que se atopa dispoñible no Portal do Cidadán da Sede Electrónica na web municipal www.ferrol.gal, no Catálogo de Procedementos do apartado Trámites:

<https://www.ferrol.gal:8443/cividas-core-web-ferrol/public/catalog-detail/31876483>

 Concellería de Festas	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026			ANEXO II.1
DATOS DA ENTIDADE				
NIF		Denominación		
Enderezo completo (incluír o código postal)				
Teléfono / Móbil		Correo electrónico para os efectos de notificación electrónica		
DATOS DO/DA REPRESENTANTE DA ENTIDADE				
DNI	Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	
Teléfono / Móbil		Correo electrónico para os efectos de notificación electrónica		
EXPÓN				
Que o Concello de Ferrol concedeu á entidade que represento na convocatoria do ano 2026 unha subvención para:				
Desenvolvemento de festas patronais en barrios urbanos e parroquias				
SOLICITA				
Que se teña por xustificada a subvención concedida coa documentación que se achega, que de seguido se relaciona, e se proceda ó seu pagamento a favor da entidade que represento: - Memoria das actividades desenvolvidas. - Relacións de gastos realizados. - Declaración responsable sobre outros ingresos, axudas ou subvencións para a mesma finalidade. - Acreditacións de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Substitúese por unha declaración responsable no suposto de que o importe da subvención outorgada non supere os 3.000 €).				

O/A asinante declara baixo a súa responsabilidade que todos os datos e documentos que se achegan son reais e que coñece e acepta cumprir as bases reguladoras da convocatoria.

O/a representante, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe

Sinatura:

	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026	ANEXO II.2
---	--	-------------------

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Formulada nos termos e cos requisitos previstos no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

Don/Dona			
con DNI nº		como presidente/a da entidade	
con NIF nº			
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:			
1º.-	Que a entidade veciñal da que son presidente/a		
		NON obtivo axudas para esta mesma finalidade procedentes doutras Administracións Públicas, entidades privadas ou de particulares.	
		Si obtivo as seguintes axudas para esta mesma finalidade:	
	Indicar a procedencia da axuda:	Solicitado	Concedido
		€	€
		€	€
		€	€
2º.-	Que os importes non subvencionables se financiaron con:		
		Fondos propios	
	Outros:		
3º.-	Que o importe da subvención concedida en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou de entidades privadas ou de particulares non supera o custo das actividades desenvolvidas pola entidade beneficiaria.		
4º.-	Que os gastos incluídos na relación que se aporta afectáronse exclusivamente ao cumprimento da finalidade da subvención e do proxecto executado		
O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe			
Sinatura:			

 Concellería de Festas	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026	ANEXO II.3
--	--	------------

DECLARACIÓNS RESPONSABLES

(Formulada nos termos e cos requisitos previstos no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

Don/Dona		
con DNI nº		como presidente/a da entidade
con NIF nº		
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:		
1º.-	Que a entidade que represento atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Ferrol, así como das obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, e que dispoño da documentación que así o acredita, que poñerei a dispor do Concello cando me sexa requirida, e comprométome a manter este requisito durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza da subvención quedando obrigado a comunicar ao Concello calquera variación desta situación.	
2º.-	Que a entidade que represento non está incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiaria ou percibir subvencións das Administracións públicas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e comprométome a manter este requisito durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza da subvención, quedando obrigado a comunicar ao concello calquera variación desta situación.	
3º.-	Que a entidade que represento cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, relativo ás obrigas da entidade beneficiaria.	

O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe

Sinatura:

Esta declaración é válida para subvencións concedidas por importe non superior a 3.000 €.

FERROL Concellería de Festas	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026	ANEXO II.4
MEMORIA XUSTIFICATIVA		

De se-lo caso, deberase achegar ademais unha mostra ou imaxe da publicidade feita da actividade desenvolvida (folletos, revistas, carteis, etc.) ou ben imaxes ou reportaxe fotográfica da mesma.

ENTIDADE				NIF	
Denominación do programa ou actividade					
Breve descrición do desenvolvemento do programa ou actividade					
Breve descrición dos resultados obtidos co seu desenvolvemento					
Lugar de desenvolvemento					
Datas ou períodos de realización					
Horarios de realización					
Total n.º de persoas beneficiarias			Mulleres		Homes
Colectivos ós que se dirixiu a actividade (marcar o/os que corresponda):					
	Xeral		Muller		Maiores
					Infancia
					Xuventude
	Outros:				
O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe					
Sinatura:					

FERROL Concellería de Festas		XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026				ANEXO II.5	
RELACIÓN DE GASTOS XUSTIFICATIVOS							
ENTIDADE						NIF	
Denominación do programa ou actividade							
Provedor		N.º factura	Data factura factura	Concepto	Data pago pago	Importe	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
						€	
Importe TOTAL:						€	
Asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe							
O/a secretario/a				O/a tesoureiro/a			
Sinatura:				Sinatura:			

 Concellería de Festas	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN Convocatoria de subvencións para a realización de festas patronais do Concello de Ferrol do ANO 2026	ANEXO II.6
RELACIÓN DE INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE		
ENTIDADE		NIF
Denominación do programa ou actividade		
Fontes de financiamento do programa ou actividade desenvolvida		
Fonte	Importe	
Subvención concedida polo Concello de Ferrol	€	
Fondos propios da entidade	€	
Axudas doutras Administracións ou institucións públicas	€	
Axudas de empresas ou de entidades privadas	€	
Axudas de particulares	€	
Outros ingresos		
	€	
	€	
	€	
Importe TOTAL:	€	
Asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe		
O/a secretario/a	O/a tesoureiro/a	
Sinatura:	Sinatura:	

2026/5385